

02/09/2022

# AVISO FITOSANITARIO. Control perforadores dos piñeiros en masas dos perímetros dos grandes incendios forestais

Nas masas forestais, sucesos como os grandes incendios acontecidos este mes de xullo, (zonas de O Courel e Valdeorras) orixinan un debilitamento a corto e medio prazo no arborado supervivente, especialmente nas zoas limítrofes á área afectada.

A existencia de gran cantidade de árbores mortas ou moi debilitadas provoca un importante incremento na poboación de insectos que se senten atraídos por esta madeira. *Ips sexdentatus* e *Tomicus sp* son algúns dos perforadores de piñeiros que máis a miúdo aproveita estas circunstancias para multiplicarse, ata alcanzar poboacións moi superiores as habituais.

Para evitar a propagación de estes insectos perforadores as masas de piñeiros colindantes, xa debilitadas polos incendios forestais, e necesario levar a cabo unha serie medidas para evitalo. As principais medidas son a rápida eliminación da madeira queimada e a colocación de trampas, tanto para facer un seguimento do tamaño das poboacións de insectos perforadores como para a captura masiva de estes.

## COLOCACIÓN DE TRAMPAS MULTIEMBUDE CON FEROMONAS SEXUAIS COMO CONTROL

Colocáronse nos perímetros dos incendios de Pobra de Brollón/O Courel e da comarca de Valdeorras trampas de embude cebadas con feromonas para a captura de escolítidos perforadores. Estas trampas vanse revisar cada 15 días para facer un correcto seguimento das poboacións de estes insectos.

PROVINCIA	DISTRITO	CONCELLO
LUGO	IX	A POBRA DE BROLLÓN
OURENSE	XIII	O BARCO DE VALDEORRAS
		CARBALLEDA DE VALDEORRAS



